



Concello de Xinzo de Limia

B A N D O

APOIO DO CONCELLO DE XINZO DE LIMIA AO POBO UCRAÍNO

Comunícase a todos/as veciños de Xinzo que este Concello manifesta na firme censura respecto á agresión que Rusia está a levar a cabo en Ucraína. Como defensores dos dereitos e liberdades das persoas non podemos tolerar ningunha acción que socave ditos cimentos humanos. O Concello de Xinzo alza a voz para que cesen os ataques ao territorio de Ucraína e que se retome a negociación como única vía para procurar os intereses de Rusia. En solidariedade de todos os veciños e veciñas do municipio cos cidadáns que están a sufrir os embates da guerra, aluméase a Casa Consistorial coas cores da bandeira ucraína

Así mesmo, apoiamos o labor da comunidade internacional por restablecer a paz e salvagardar a independencia de cada país e poñémonos á súa disposición para axudar, dentro das nosas posibilidades, naquelas medidas que procuren a protección e benestar das persoas que foxen do conflito para salvar a vida. Os ucraínos e ucraínas poden contar coas entidades locais galegas, que estamos pendentes -con gran preocupación e pesar- do que están a vivir.

Así esta Alcaldesa, púxenme en contacto coa Subdelegación do Goberno **para crear unha rede de familias de acollida e poñer ao seu dispor espazos públicos como o pavillón polideportivo e todos aqueles que poidan servir de utilidade. Esta iniciativa coordinarse a través do departamento de Servizos Sociais, co que as familias en disposición de acoller poden contactar a través de teléfono 988 550 528 ou ben de xeito presencial en horario de 09.00 a 13.00 horas.**

Dende o Concello de Xinzo de Limia tamén se impulsa a recollida de material de primeira necesidade que logo será logo canalizado a través da Federación Galega de Municipios en Provincias.

PRECISASE CON MAIS URXENCIA ALIMENTOS NON PERECEDEIROS (café, cueiros, leite en pó, galletas, cacao, biberóns..) e MEDICAMENTOS (ibuprofeno, paracetamol ou amoxicilina) así como material sanitario como tesoiras, luvas, vendas, xiringas ou agullas, parches antiqeuimaduras, etc.

Os interesados poden facer as entregas na sede de Protección Civil, no primeiro piso do edificio Multicentro, en horario de 10.00 a 12.00 horas ou chamando ao número de teléfono 629 470 812. Tamén se recollerá o material no punto de Información Municipal emprazado no primeiro andar da Casa Consistorial.

Rogase que as entregas de material sanitaria e/ou roupa e comida se fagan por separado para facilitar a distribución e a loxística de entrega

A Alcaldesa.-Elvira Lama Fernández

